

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION.

Fundamentos:

Primeiro. Segundo determina o artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, os órganos colexiados das entidades locais funcionan en réxime de sesión ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais urxentes.

Segundo. O artigo 11 do Regulamento Orgánico Municipal, establece que as sesión do Pleno da Corporación serán públicas nos termos previstos no artigo 70 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do Réxime Local e poderán ser: Ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes.

O artigo 12 do Regulamento Orgánico Municipal, establece que as sesión plenarias convocaranse, como mínimo, con dous días de antelación, salvo as extraordinarias urxentes, cuxa convocatoria con este carácter será ratificada polo Pleno.

Terceiro. O Pleno da Corporación, en sesión de data 30 de xuño de 2015, acordou establecer o réxime de periodicidade de sesión do Pleno da Corporación do seguinte xeito:

“a) As sesión ordinarias do Pleno da Corporación celebraranse o segundo luns de cada dous meses nos meses pares: febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro, ás vinte horas e si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil seguinte.

b) A convocatoria e celebración das sesión extraordinarias ou urxentes do Pleno da Corporación rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Vista a relación de expedientes conclusos, de conformidade o disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e co artigo 112 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación, no salón de actos da Casa Consistorial o día 14 de agosto de 2017 ás 20:00 horas, para tratalos asuntos que se expresan na orde do día.

SEGUNDO. Que se leven a cabo os trámites legais oportunos para a convocatoria e notificación dos membros do Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Fixar o seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 12-06-2017.

2º.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN POSESORÍA DO CAMIÑO

D-54 PISTA A REVOLTIÑA.

3º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL EVENTUAL.

4º.- RECOÑECEMENTO DE DECICACIÓNS PARCIAIS DE CARGOS DA CORPORACIÓN.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS E BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2017.

6º.- REFORMULACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016) PARA O INVESTIMENTO “RECONSTRUCCIÓN DE FACHADAS E CUBERTA DO PAVILÓN DEPORTIVO DE XIL”.

7º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.

8º.- DAR CONTA DA REFORMULACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017. LIÑA 1 DE INVESTIMENTOS.

9º.- DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES E DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE 2017.

10º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Manda e asina a Sra. alcaldesa M^a Lourdes Ucha Varela en Meaño ante a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, que da fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe